



O escritor e repentista **Alexis Díaz-Pimienta** naceu en La Habana en 1966. Especialista en oralidade e improvisación, debutou con só cinco anos na radio e TV cubanas, e hoxe conta tres décadas de traballo en ditos medios, ademais de ter percorrido coa súa arte países tan distintos como México, Alxeria, Venezuela, Italia, Colombia, Portugal, Siria, Suíza, Francia, Brasil, Rusia, Ecuador, Serbia, Arxentina, Alemaña, Uruguai, Panamá, Porto Rico e Chile, ademais de España e Cuba. Ademais, compartiu escenario con artistas de renome internacional como Silvio Rodríguez, Jorge Drexler, Kiko Veneno, Amaury Pérez, Danny Rivera, Albita Rodríguez e moitos outros.

Autor de obras imprescindibles sobre o fenómeno do repentismo en Cuba, ten impartido multitude de obradoiros e seminarios dedicados a esta arte en universidades e centros docentes e artísticos dunha chea de países. Así mesmo, é director da Cátedra Honorífica de Poesía Improvisada da Universidade das Artes de La Habana, dirixe o Proxecto Nacional de Obradoiros Especializados de Repentismo e ten organizado varios festivais nacionais infantís deste teor no país. Igualmente dirixiu e conduciu proxectos televisivos e radiofónicos en torno á improvisación, á vez que desenvolve plataformas que tratan de achegala ás novas tecnoloxías e publica artigos en revistas especializadas de América e Europa.

Xunto a esta faceta, ten ata o de agora publicados trinta e dous títulos de poesía, novela, ensaio, contos, teatro e literatura infantil, polos que recibiu importantes galardóns tanto en Cuba coma en España. Poemas e contos seus foron traducidos ao italiano, inglés, xaponés, árabe, búlgaro, finés, alemán e persi.

amenaza de pandemia

*cuando la poesía
se extienda como una pandemia
de nada servirá usar mascarillas
o vivir encerrados para no contagiarnos*

*el llanto contenido será un síntoma
el insomnio el hipo la tristeza
cuando la poesía se extienda como una pandemia
de nada servirán los controles prosaicos
el cierre de fronteras
el silencio decretado por ley
en todos los países
no alcanzarán las camas en los hospitales
las donaciones misantrópicas
los conciliábulos pedestres*

*cuando la poesía se extienda
como una pandemia
ni los políticos estarán a salvo*



(ALEXIS DÍAZ-PIMIENTA)

Luns **13** de xaneiro
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





Coñecido na escena co alcume de **“O Caruncho”**, **Luis Correa** naceu en Vigo en 1971. Desenvolveuse dende moi cedo como músico popular e, así, dende os nove anos participa activamente da nosa cultura tradicional, pasando polo baile, a música e tamén o canto.

Foi fundador dos grupos “Millaradas” e “Os Carunchos”, do dúo de zanfonas “Sobre Rodas” e do coro tradicional “Cantares do Brión” de Vincios (Gondomar). Do mesmo xeito colabora co grupo “Zurru-malla”, con quen gravou no 2011 un dobre disco. Máis recentemente, no pasado ano 2013, participou no primeiro álbum do quinteto “Os Folieiros” e tamén no quinto disco de “Os Carunchos”.

Como regueifeiro ten actuado ao longo da última década por toda a Península Ibérica, protagonizando proxectos tan anovadores como “Trioliro Regueifeiros” -xunto a Bieito Lobariñas e Josinho da Teixeira- co obxectivo de fusionar a regueifa coa música tradicional.

Outra actividade que o Caruncho desenvolve con enorme rendemento no campo da improvisación son os obradoiros de regueifas para escolares que -xunto ó regueifeiro Pinto d’Herbón- o teñen levado polos centros de ensino primario e secundario de toda Galicia con grande éxito, sempre coa defensa e amor polo idioma por bandeira.

Luis atópase actualmente inmerso na composición de novas músicas que acompañen á poesía galega, dende os clásicos como Rosalía de Castro ou Celso Emilio Ferreiro ata autores dos nosos días.

*VOUCHE DICIR A VERDADE
PODES FALAR EN GALEGO,
É A TÚA IDENTIDADE
POR ISO DEBES FACELO*

*XA QUE CHEGOU ATA NÓS
PODES FALAR EN GALEGO,
TAMÉN SERÍA IMPORTANTE
QUE CHEGARA ÓS NOSOS NENOS*

*SIMPLEMENTE PORQUE É NOSO
PODES FALAR EN GALEGO,
CADA POBO A SÚA LINGUA,
FAINO TAMÉN TI SEN MEDO.*



(LUIS “O CARUNCHO”)

Luns **13** de xaneiro
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

